

presentación

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten asignada, entre outras, a función de elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma.

O Regulamento de Réxime Interno do Consello, aprobado polo Pleno o día 29 de abril de 1996, co obxecto de dar cumprimento ás devanditas previsións legais, concede a condición de comisión sectorial permanente á Comisión Sectorial nº 4, *da Memoria anual sobre a situación socioeconómica de Galicia.*

A proposta de Memoria elaborada pola Comisión Sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente na súa sesión 10/01, do 11 de outubro.

De acordo coa normativa citada, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 9/01, do 29 de outubro, a presente

Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000.

